Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Igualdade sobre convocatorias dos plenos do Consello Galego de Benestar Social

Expediente: G.6.Q/70/26

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2026

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de xxx, en representación...

ANTECEDENTES

1. No escrito indica que "como vogal... no Consello Galego de Benestar Social", é perceptivo por lei convocar este consello polo menos unha vez o ano, e serían desexables máis convocatorias. É un órgano de participación pública para avaliar as políticas de servizos sociais, emitir informe sobre os proxectos de planificación e programación e a normativa en materia de servizos sociais, e emitir ditames, por instancia do Parlamento de Galicia, no eido dos servizos sociais, coñecer da xestión dos servizos sociais, fomentar a participación da sociedade e das administracións públicas, e calquera outra que lle poida ser regulamentariamente atribuída. Non se convocan reunións e non se constitúen os grupos de traballo, como o comprometido en 2018 para valoración da aplicación da lei de dependencia. Non se conta coa opinión de sindicatos, Fegamp, organizacións agrarias, colexios profesionais, terceiro sector, etc. En 2025 non houbo convocatoria do pleno.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

"O presente informe emítese tras a petición que formulou a Valedora do Pobo de Galicia con motivo da comparecencia de xxx, en representación…, ante a institución da Valedora do Pobo mediante a presentación dunha queixa fundamentada en relación ao réxime de convocatorias do Consello Galego de Benestar Social.

ANTECEDENTES

O 15/01/2026, con número de rexistro 2026/85359, foi remitido desde a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes un escrito dirixido á Consellería de Política

Social e Igualdade polo que se comunicaba a interposición dun escrito de queixa presentado por xxx, en representación…, con número de expediente G.6.Q/70/26. Así mesmo, comunícase que a queixa reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei da Valedora do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, polo que se admite a trámite e promóvese unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea e, en consecuencia, solicítase desta administración que no prazo de 15 días facilite información sobre o problema que motivou a queixa.

O 19/01/2026 a Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa desta consellería solicitou a emisión dun informe por parte da Vicepresidencia do Consello Galego de Benestar Social relativo aos asuntos da súa competencia entre os incluídos no obxecto da queixa.

A solicitante, no seu escrito de queixa, indica o seguinte:…

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia como norma legal que rexe o Sistema Galego dos Servizos Sociais.

Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación regula a composición do Consello Galego de Benestar Social.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que no seu artigo 45 modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

CONCLUSIÓNS

Tendo en conta a normativa reflectida, os antecedentes indicados, e as materias enumeradas na queixa o vicepresidente do Consello Galego de Benestar Social informa do seguinte:

En relación coas funcións do Consello Galego de Benestar Social (en adiante CGBS), estas figuran recollidas na a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos

sociais de Galicia, dentro do seu título III, relativo aos órganos consultivos e de participación, en concreto, no seu artigo 40, apartado 3.

Con respecto á competencia do CGBS para a emisión de ditames, función mencionada na dita queixa, cómpre sinalar que o artigo 45 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), modificou a alínea b) do número 3 do artigo 40 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) Emitir ditames no eido dos servizos sociais, por instancia da consellaría competente en materia de servizos sociais»

Con respecto á cuestión, reflectida na presente queixa, sobre a non constitución de grupos de traballo, no que se menciona en concreto o encargado da valoración da aplicación da Lei de Dependencia, temos que indicar sobre este extremo que o Goberno Central interpuxo un recurso de inconstitucionalidade contra a reforma lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia, recollida na Lei de acompañamento dos orzamentos do ano 2025, e se á dita circunstancia lle engadimos que o Goberno Central aprobou o Proxecto de Lei polo que se modifica o Texto Refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e de inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, para a extensión e reforzo dos dereitos da persoas con discapacidade á inclusión, á autonomía e á accesibilidade universal, conforme ao artigo 49 da Constitución Españolada, temos que suliñar que este contexto nos impide poder constituír coas suficientes garantías un grupo de traballo para valorar a Dependencia, mentres non se concreten estas novidades lexislativas. Na actualidade existen moitas incertidumes e moi poucas certezas que nos permitan traballar coas mínimas garantías sobre esta materia.

E no tocante á solicitude de convocatoria presencial, enténdese que dado o elevado número de vogais (50), ademais da presidencia, a vicepresidencia e a secretaría, así como as dificultades que ás veces supón o desprazamento ao lugar de celebración do pleno, considérase que a celebración de reunións telemáticas é a forma máis idónea de celebrar os plenos, tendo en conta que os medios técnicos dispoñibles actualmente posibilitan e facilitan esta forma de reunión, así como a remisión das convocatorias e da documentación relativa a cada reunión. Isto non impide que en determinadas ocasións se poida convocar reunións presenciais, se as circunstancias o aconsellan".

3. De novo dirixímonos á consellería co fin de que con urxencia facilitara información complementaria sobre a convocatoria mínima anual dos plenos, en especial no ano 2025, e sobre as falta de constitución do grupo de traballo sobre a aplicación da lei de dependencia. A consellería sinalou o seguinte:

"O presente informe emítese tras a petición de información complementaria que formulou a Valedora do Pobo de Galicia con motivo da comparecencia de xxx, en representación..., ante a institución da Valedora do Pobo mediante a presentación dunha queixa fundamentada en relación ao réxime de convocatorias do Consello Galego de Benestar Social.

ANTECEDENTES

O 15/01/2026, con número de rexistro 2026/85359, foi remitido desde a Consellería de Presidencia; Xustiza e Deportes un escrito dirixido á Consellería de Política Social e Igualdade polo que se comunicaba a interposición dun escrito de queixa presentado por xxx, en representación..., con número de expediente G.6.Q/70/26. Así mesmo, comunicouse que a queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei da Valedora do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, polo que se admitiu a trámite e promoveuse unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea e, en consecuencia, solicitouse desta administración que no prazo de 15 días facilitase información sobre o problema que motivou a queixa.

A queixa presentada pola interesada, en calidade de representante... e vogal no Consello Galego de Benestar Social, versaba sobre a periodicidade das convocatorias deste órgano, a falta de presencialidade das súas reunións, así como sobre a ausencia de constitución de grupos de traballo, concretamente un grupo de traballo para a valoración da aplicación da Lei de Dependencia.

Con data 13/02/2026, o vicepresidente do Consello Galego de Benestar Social emitiu un informe en resposta á solicitude formulada pola Valedora do Pobo, no que se daba resposta ás cuestións formuladas na queixa.

Posteriormente, a Valedora do Pobo emitiu un escrito con data do 24/03/2026, polo que require desta consellería que con urxencia facilite información complementaria, en concreto sobre a convocatoria dos plenos, en especial no ano 2025, e sobre a falta de constitución do grupo de traballo sobre a aplicación da Lei de Dependencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia como norma legal que rexe o Sistema Galego dos Servizos Sociais.

Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación regula a composición do Consello Galego de Benestar Social.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que no seu artigo 45 modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

CONCLUSIÓNS

Tendo en conta a normativa reflectida, os antecedentes indicados e as materias sobre as que se solicita información complementaria o vicepresidente do Consello Galego de Benestar Social informa do seguinte:

-Con respecto á falta de convocatoria de reunións do Pleno no ano 2025, cómpre ter en conta que a modificación introducida pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, na alínea b) do número 3 do artigo 40 da Lei 13/2008 supuxo un cambio no alcance das materias que deben ser sometidas a ditame. A nova redacción establece un marco distinto para a actividade consultiva deste órgano.

Neste contexto, durante o ano 2025 o Consello Galego de Benestar Social non ten pendente a emisión de ningún ditame ao abeiro da citada previsión normativa.

Con respecto á cuestión relativa á non constitución de grupos de traballo, e en particular ao referido á valoración da aplicación da Lei de Dependencia, cómpre indicar que neste momento concorren diversas circunstancias que xeran certa incerteza sobre o marco normativo aplicable. En especial, o Ministerio de Asuntos Sociais e Axenda 2030 ten anunciada unha posible reforma lexislativa orientada a adaptar o sistema de Dependencia ás novas necesidades sociais -como a mellora da eficiencia ou a resposta ao progresivo envellecemento da poboación-, reforma da que, polo de agora, non se coñece con exactitude o seu contido nin o seu alcance.

Neste contexto, considérase que a eventual constitución dun grupo de traballo podería non dispoñer das condicións mínimas de estabilidade normativa necesarias para garantir a súa utilidade práctica. A existencia de múltiples variables pendentes de definición podería limitar a capacidade deste grupo para avanzar con garantías nunha análise sólida da materia. Polo momento, subsisten diversos aspectos que requiren unha maior concreción, o que dificulta traballar cun marco suficientemente definido".

ANÁLISE

1. Como sinalamos ao requirir información complementaria, a queixa ten por obxecto a non convocatoria dos plenos nos prazos previstos, sinalando que en 2025 non se convocou, e a consellería non aclara este motivo de queixa.

2. O decreto 246/2011, de 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación, sinala (art. 8.2) que: "O Pleno reunirase, polo menos, en sesión ordinaria, unha vez ao ano e, con carácter extraordinario, cando sexa convocado pola presidencia, ben sexa por iniciativa propia, por solicitude da comisión permanente ou da metade dos membros do Consello".

3. O segundo informe sinala a modificación introducida pola Lei 5/2024, do 27 de decembro. O artigo 40.3.b) da Lei 13/2008 cambia o alcance das materias que deben ser sometidas a ditame e establécese un marco distinto para a actividade consultiva do órgano. E durante 2025 o Consello Galego de Benestar Social non tivo pendente a emisión de ningún ditame ao abeiro da normativa.

4. As función regúlanse no art. 40.3 da Lei 13/2008 , que establece: "Son funcións do Consello Galego de Benestar Social: a) Avaliar a planificación e xestión dos servizos sociais. b) Emitir ditames no ámbito dos servizos sociais, por instancia da consellaría competente en materia de servizos sociais. c) Emitir ditames, a instancia do Parlamento de Galicia, no ámbito dos servizos sociais. d) Fomentar a participación da sociedade e das administracións públicas. e) Realizar o seguimento e a avaliación dos resultados de execución dos programas en materia de servizos sociais. f) Propoñer directrices e liñas xerais de actuación. g) Propoñer a adopción de iniciativas lexislativas ou actuacións concretas. h) Elaborar e/o modificar o seu regulamento de réxime interior. i) Calquera outra que lle poida ser atribuída regulamentariamente."

Por tanto, as funcións previstas van máis aló da emisión de ditámes (avaliar a planificación e xestión dos servizos sociais, fomentar a participación da sociedade, ou propoñer directrices e liñas xerais).

5. A queixa refire tamén a non constitución dun grupo de traballo comprometido dende 2018 sobre a aplicación da lei de dependencia. O informe sinala recentes circunstancias (recurso de inconstitucionalidade contra a lei de acompañamento dos orzamentos de 2025"; proxecto de lei polo que se modifica a lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e de inclusión social, e a lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia) e deduce que este contexto "impide poder constituír coas suficientes garantías un grupo de traballo para valorar a dependencia". No segundo informe sinala que "a eventual

constitución dun grupo de traballo podería non dispoñer das condicións mínimas de estabilidade normativa necesarias para garantir a súa utilidade práctica".

6. O alegado pola consellería é correcto, pero debe terse en conta tamén, como diximos ao requirir a información complementaria, que esas razóns non obstarían para a constitución do grupo, sen prexuízo de que o indicado poda ser alegado nos seus debates. Ademais, dende o compromiso o sistema xeral e a atención á dependencia en Galicia tiveron diferentes evolucións e posiblemente continuarán téndoas.

7. Polo que se refire á forma de realización das reunións do pleno, o informe sinala que "dado o elevado número de vogais (50), ademais da presidencia, a vicepresidencia e a secretaría", e as dificultades de desprazamento ao lugar de celebración do pleno, "considérase que a celebración de reunións telemáticas é a forma máis idónea de celebrar os plenos". Neste senso, as reunións telemáticas son igualmente válidas sempre e cando as convocatorias e as propias reunións reúnan as garantías necesarias, que non consta que non se dean.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Igualdade a seguinte recomendación:

Que se avalíe a neceside de convocar os plenos do Consello Galego de Benestar Social cun carácter mínimo anual, co fin de que neles se podan desenvolver as funcións previstas; e que se dea efectividade ao acordo de constitución dun grupo de traballo para a valoración da aplicación da lei de dependencia.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluirase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo